



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

D^a. PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ORDINARIA do 14 de XUÑO de 2024**, adoptou o seguinte acordo:

11.- MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCÍONS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS OU CONGRESOS DE INTERESE TURÍSTICO NO ANO 2024. EXPTE. 8625/104.

Visto o informe xurídico de data 05/06/2024 e o informe de fiscalización do 07/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/04/2024, asinado pola técnica de actividades turísticas e conformado pola concelleira-delegada de Turismo, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co fin de aclarar o contido recollido na cláusula primeira “obxecto da subvención” e na cláusula quinta “Requisitos dos beneficiarios”, das bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a organización de eventos e congresos de interese turístico no ano 2024. (expte. 8625/104), aprobadas en Xunta de goberno Local en data 19 de abril de 2024 e publicadas no BOPP en data 24 de abril de 2024, se emite o seguinte informe:

Primeiro.- A cláusula primeira, “Obxecto da subvención” das bases reguladoras da subvención para a organización de eventos ou congresos de interese turístico no ano 2024, establece que:

“O obxecto da subvención, a que se refiren as presentes bases, é contribuír á dinamización do sector turístico a través da realización eventos e congresos con interese turístico desenvolvidos en Vigo, que teñan entre os seus obxectivos a promoción turística, do destino Vigo, durante o ano 2024.”

En base aos antecedentes do informe proposta a Xunta de Goberno Local, de data 18.03.2024, asinado pola técnica que subscribe, nos que se dispón:

“Vigo estase a converter nun referente turístico nacional. O turismo na cidade é unha das actividades económicas mais destacables xa que ten un gran compoñente de transversalidade por cando inflúe e depende ao mesmo tempo doutros sectores económicos, así como contribúe a preservación do noso medio natural, atractivos culturais, etnográficos, etc...”

O destino Vigo, debe consolidar o desenvolvemento de novos produtos e tipoloxías turísticas que permitan crecementos de mercados emisores e a desestacionalización da demanda, ademais de favorecer o gasto medio por turista. Incidir, por iso, na promoción de Vigo como destino fora da tempada alta co obxectivo de combater a estacionalidade, e facer un destino atractivo todo o ano, é de grande relevancia para o sector.

Concretamente o turismo MICE é un potente motor de desenvolvemento dos destinos turísticos e importante xerador de ingresos, emprego e de inversión.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:42	Páxina 1 de 4
SUBVENCIONS	CSV: AAA752-BEA749-BC8832-LPPN9H-VTQ2Z5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O turismo de reunións, convencionalmente coñecido polas siglas inglesas MICE (Meetings, Incentives, Conferences & Exhibitions), manifestou un crecemento prolongado ao longo dos últimos anos, producindo evidentes impactos positivos nos destinos turísticos que conseguiron posicionarse neste segmento.

A esta tipoloxía de turismo fóronlle atribuídas numerosas características positivas e beneficios para os destinos, non só dende unha perspectiva económica, senón tamén dende unha perspectiva que engloba a todos os ámbitos de maneira transversal: social, cultural, ambiental, innovación, tecnolóxico, etcétera. Entre outros beneficios destacan a súa capacidade para desestacionalizar a afluencia turística, o maior gasto medio dos participantes en comparación con outras tipoloxías de turismo, o papel do turista de negocios como prescriptor do destino, a contribución á promoción dos destinos turísticos, así como o seu efecto dinamizador da economía, potenciando a aparición e especialización de empresas nesta industria.

O obxectivo principal desta subvención consiste en reposicionar a cidade turisticamente onde prime a desestacionalización da afluencia turística para conseguir un turismo constante ao longo do ano.

Os obxectivos xerais desta subvención responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxías no ámbito turístico, destacando:

- Contribuír á desestacionalización turística co fin de xerar un interese turístico estable ao longo do ano.
- Optimización dos recursos para a dinamización do turismo.
- Concienciación do interese xeral do capital humano no ámbito turístico.
- Crear un tecido asociativo transversal da nosa cidade, en defensa dos intereses xerais da poboación local.
- A colaboración con axentes que desenvolven actividades transversais ao turismo co fin de xerar novos produtos turísticos que resulten atractivos para a mellora da afluencia turística á cidade.
- Diversificar a oferta turística mediante o apoio a actividades transversais ao turismo que xeren un atractivo turístico engadido
- Contribuír a xerar unha identidade turística de marca Vigo.

....”

Do exposto e do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) do Concello de Vigo 2024-2026 (expte 277-143), aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 08/03/2024 (punto 21 da acta da sesión), na liña estratéxica 5.8, se deduce que se trata unicamente de eventos relacionados co sector MICE.

Segundo.- En canto a cláusula quinta das mesmas bases, “Requisitos dos beneficiarios” que establece:

“1. Poderán solicitar e obter estas axudas as persoas físicas e xurídicas e as entidades legalmente constituídas que desenvolvan o seu evento ou congreso na cidade de Vigo e contribúan a promoción turística da cidade, e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria...”

Cabe aclarar que se trata unicamente de persoas físicas e xurídicas e as entidades legalmente constituídas que desenvolvan o evento ou congreso, con ánimo de lucro.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:42	Páxina 2 de 4
SUBVENCIONS	CSV: AAA752-BEA749-BC8832-LPPN9H-VTQ2Z5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

En a base ao exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe xurídico, que aprobe a modificación, para a aclaración das cláusulas citadas, co seguinte texto:

Primeiro.- Aprobar a modificación das cláusulas primeira e quinta das “Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a organización de eventos e congresos de interese turística no ano 2024” (expte. 8625/104), que foron aprobadas pola Xunta de goberno Local en sesión ordinaria de data 19 de abril de 2024 e publicadas no BOPP en data 24 de abril de 2024. A redacción modificada é a seguinte:

«PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto da subvención, a que se refiren as presentes bases, é contribuír á dinamización do sector turístico a través da realización eventos e congresos relacionados co sector MICE con interese turístico desenvolvidos en Vigo, que teñan entre os seus obxectivos a promoción turística, do destino Vigo, durante o ano 2024.

QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

1. Poderán solicitar e obter estas axudas as persoas físicas e xurídicas e as entidades legalmente constituídas que desenvolvan o seu evento ou congreso na cidade de Vigo, con ánimo de lucro, e contribúan a promoción turística da cidade, e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.
2. Os eventos e congresos de interese turístico deberán ter unha antigüidade mínima de dúas edicións.
3. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.
4. Os solicitantes deberán atoparse ao corrente no cumprimento das:

- a) Obrigacións tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, así como de non ter débedas ou sancións de natureza tributaria municipal.
- b) Obrigacións tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia mediante a presentación da certificación á que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

A estes efectos a solicitude deberá expresar o consentimento ou oposición para que o órgano instrutor poida comprobar ou solicitar doutros órganos, administracións ou provedores de información, por medios electrónicos, a información sobre o cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto no artigo 22.4 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, de o 17 de novembro, ou sobre outras circunstancias dos solicitantes ou das solicitudes que, de acordo coa convocatoria e a normativa aplicable, sexan pertinentes para a instrución do procedemento. En caso de oposición, o solicitante deberá achegar os certificados ou probas que para o efecto lle esixa a convocatoria.

Non obstante, as entidades que soliciten subvencións que non superen o importe de 3.000,00€ presentarán declaración responsable ao abeiro do artigo 24.4 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións que substituirá a certificación de estar



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:42	Páxina 3 de 4
SUBVENCIONS	CSV: AAA752-BEA749-BC8832-LPPN9H-VTQ2Z5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo.»

Segundo.- Ordenar a publicación do texto íntegro das “Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a organización de eventos e congresos de interese turística no ano 2024” modificadas e a convocatoria das mesmas no BOP de Pontevedra, na BDNS e nos medios esixidos pola normativa aplicable.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/if.

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:42	Páxina 4 de 4
SUBVENCIONS	CSV: AAA752-BEA749-BC8832-LPPN9H-VTQ2Z5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		